

De Hopper, o pintor neiorquino, aínda temos fresca a retrospectiva que a baronesa ofreceu, este verán, no seu museo madrileño. Aprecio esa mirada de *voyeur* que se detén nas oficinas desertas, nos bares a media noite, nos cuartos de aluguer, nos interiores que iluminan a toda cor a soidade e a melancolía. Pois, como Bacon ou os expresionistas alemáns, Hopper sabía que, nun mundo tecnificado e artificial, definido pola electricidade, non é preciso recorrer ás cores escuras, grises e apagadas, para falar da tristura, a desesperanza ou a estrañeza. Chega cunha fría luz de tubo fluorescente, co papel pintado das paredes, co silandeiro aura do baleiro, tinguido de laranxa, de verde, de rosa ou amarelo.

Abofé que a nosa existencia emocional aliméntase dos contrastes, da secuencia de oposicións. Precisamos tanto do mundo exterior e social como de manter redutos propios e íntimos. Tan necesaria é a transparencia como esa penumbra que descubre, gradualmente, as distintas faces do obxecto. Que sería de nos, entón, sen esa cenoria que é a materia escura. Non estamos menos cegos, nin somos máis libres, baixo unha luz saturada, total, extensa. Unha luz que, na súa pureza, representa a negación da intimidade, o rexeitamento da introspección, a esencia da utopía policial. Si, en todo iso pensei cando descubrín, abraiado, o aclarado interior, inerte e desacougante, da nova, transparente e sobredimensionada sauna da Piscina Mancomunada d'A Ramallosa. Un agresivo escaparate que, nese intre, acollía unha señora maior, soa, incómoda, exposta ás miradas alleas. Non é o mesmo ver esa figura nas beiras da piscina, como tantas outras, que tralo vidro dunha caixa iluminada. Toda represión comeza pola indigna cousificación da persoa, pola imposición, enmarcada, dunha irrespectuosa distancia. De aí o valor da pechada penumbra da sauna, esa pequena caixa de madeira, pagá e opaca, que, no contraste, poético e metafórico, de temperatura, escala e luminosidade co aberto espazo exterior, esixe, do usuario, unha actitude de introspección, reserva e sosego. **Hai moito tempo que non vou a Amsterdam. Esa fermosa cidade, burguesa, dinámica, hedonista, construída a escala humana, fendida en canais. Lembro a danza de bicicletas, a Ronda de Rembrandt, o jazz nas rúas, o haxix e o té con menta dos coffee shops, o fermoso museo neoplasticista dedicado a Van Gogh, o ladrillo vermello dos edificios, as escenas de familia ao outro lado das fiestras, e tamén, os escaparates do seu barrio chino, animada icona dun calvinismo que predica a transparencia dos vicios e virtudes cotiás.**

Non precisamos de moito para desencadear, na mente, todo tipo de asociacións. O mesmo Marcel Proust evocou todo un tempo perdido a partires dun humilde biscoito mollado no té. Eu, sen nostalxias, penso no xigantismo pop de Claes Oldenburg. Mais, as súas argalleiras construcións, sempre a cabalo entre a escultura e a instalación, xogando, criticamente, coa escala e a función, estimulaban a complicidade e o sorriso. Si. Ese prisma intimidante, excesivo e prepotente, que invade o interior da piscina d'A Ramallosa, é o meu biscoito particular da mañá.

Un inesquecible amigo, xa finado, adoitaba ironizar con ese mito fundacional da Reconquista representado por Don Pelayo. Basicamente, a súa versión era que os mouros, sofisticados herdeiros do mundo clásico mediterráneo, rexeitaron invadir uns montes fríos e húmidos, poboados por pastores fedorentos que descoñecían a hixiene e os seus goces. Poucas fontes de civilización e pracer, agás, se cadra, o sexo e a cociña,

superan os distintos usos da auga quente. Usos que aqueles mouros coñecían moi ben. Non por azar asociámoslos ao cultivo das sensacións, á voluptuosidade indolente. O seu baño de vapor, imaxe sensual do paraíso, debuxa unha densa atmosfera de pracenteira disposición do tempo, de relaxada sociabilidade. Nel observamos toda unha confluencia de variables que contribúen a espertar o goce dos sentidos. O control e filtrado da luz, as diferenzas de temperatura, a decisiva importancia da escala e a proporción, ou mesmo, a sabedoría tradicional dunha cúpula interior que recolle, nos muros laterais, a auga da condensación, supoñen sinxelos achados que, afianzados nun proceso de decantación secular, configuran un respectuoso e sosegado equilibrio entre intimidade individual e relación social.

Mais, nestes tempos supostamente hedonistas, abafados por vulgares sucedáneos que remiten, paradoxalmente, á tradición e o pasado, e sufrindo as intervencións de Ubús iluminados, imos perdendo, aos poucos e sen decatarnos, pequenos aspectos, luminosas emocións, silandeiros e íntimos praceres, nos que, se cadra, atópanse, agochadas, as fontes do benestar e o coñecemento. Pois, esta versión dura dun baño que, negando todo contraste de temperatura, de escala, de espazo, de luminosidade, atopamos nesa excelente obra pública que é a Piscina d'A Ramallosa, ademais de rachar brutalmente coa meditada configuración interior, esquece, ou despreza, toda chiscadela aos sentidos.

O clásico que escribe a súa traxedia, observando certo número de regras que el coñece, é mais libre que o poeta que escribe o que lle pasa pola cabeza e ven a ser escravo de outras regras que ignora (Raymond Queneau)□

É visible o escamoteo, a falta de respecto e delicadeza, a represión puritana dunha mala administración. Pois unha boa e madura evolución procura, sempre, unha síntese do máximo número de variables que o tempo e o uso sinalan como positivas, ofrecendo mais cousas cun menor gasto de enerxía. Ese é o verdadeiro hedonismo. De aí que, as veces, un pequeno e ben meditado xesto produce mellores cambios, e maior proveito, que unha complexa construción. Iso é o que distingue unha obra nobre, que aumenta a nosa calidade de vida, dunha fachendosa, inútil e sempre cara chambonada.